

Transformación para adaptarnos aos novos cambios e renovación para afrontar un futuro viable

Mensaxe dos representantes do persoal (CIG, CCOO, UGT, FSIE, ASCA e INDEPENDENTES) de Novacaixagalicia á Asemblea Xeral de Novacaixagalicia

Na Obra Social de Novacaixagalicia traballamos 257 profesionais comprometidos co futuro de Novacaixagalicia, e coa misión da contribuir ao desenvolvemento socioeconómico e cultural de Galicia, con ganas de traballar e ilusión porque este proxecto teña futuro.

- Atendemos aos nosos maiores en 12 centros por toda Galicia e educamos aos máis pequenos nas Escolas Infantís de Novacaixagalicia.
- Somos o principal axente privado de Galicia de prestación de axudas e servizos a ONGs
- Apoiamos aos emprendedores con asesoramento e formación e temos a máis importante Escola de Negocios de Galicia.
- Facilitamos o acceso a financiamento das familias máis vulnerables a través de préstamos prendarios no Monte de Piedade.
- Somos expertos e programadores culturais que xestionamos os centros culturais e programamos actividades educativas en toda Galicia.
- Atendemos a rede de bibliotecas propia e a Biblioteca infantil co fondo máis completo de Galicia.
- Formamos profesionais nos nosos tres centros de Formación Profesional con múltiples Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior.

Por iso queremos trasladarlle a esta Asemblea as seguintes **peticións**:

1. Instar ao Consello de Administración a que poña o máximo esforzo na defensa do patrimonio de Novacaixagalicia e da participación en NCG Banco, S.A.

- Os traballadores e traballadoras de Novacaixagalicia, xunto cos compañeiros e compañeiras de NCG Banco sufrimos as consecuencias dunha xestión que nos sitúa ao borde da extinción da Caixa e dunha situación non definida polo momento en NCG Banco. A xa minguada participación do 6,84% en NCG Banco agora está en risco de ser insignificante ou mesmo desaparecer, diante dunha eventual ampliación de capital ou subasta de NCG Banco.
- Para defender os intereses da Caixa, neste último ano, os representantes do persoal de Novacaixagalicia de todas as seccións sindicais, tivemos varias entrevistas coa Conselleira de Facenda, co Director Xeral de Política Financeira, co Presidente de Novagalicia Banco, cos portavoces parlamentarios dos tres grupos políticos PP, PSdeG e BNG, e tivemos a oferta da Conselleira para formar unha mesa de traballo para buscar solucións para Novacaixagalicia.
- **Demandamos desta Asemblea Xeral e do Consello de Administración que se una a nós na defensa dos intereses de Novacaixagalicia e do seu patrimonio, do valor accionarial de 181 millóns de euros e da participación do 6,84 % en NCG BANCO S.A., e ao mantemento dos postos de traballo directos e indirectos xerados pola Obra Social.**

2. Solicitamos que por parte desta Asemblea Xeral que se inste ao Consello de Administración a que faga as xestións necesarias para que se cree unha mesa de traballo coa Xunta de Galicia para promover a transformación da Caixa nunha Fundación especial.

- O Real Decreto-ley 11/2010, de 9 de julio, de órganos de gobierno y otros aspectos del régimen jurídico de las Cajas de Ahorros que establece a posibilidade de exercicio indirecto da actividade financeira das Caixas de Aforros a través dun Banco, obriga a que a Caixa se transforme nunha Fundación de carácter especial no caso de que perda o control da entidade segregada, e tamén se contempla a posibilidade de que a Caixa se transforme voluntariamente.
- **Queremos a transformación en Fundación especial polo custo inasumible dos órganos de goberno nas actuais circunstancias económicas de Novacaixagalicia**, e tendo en conta que o noso principal obxecto social é a Obra Benéfico Social. Durante o ano 2012 cada reunión mensual do Consello de Administración tivo un custo aproximado aos 20 mil euros, e o custo anual dos órganos de goberno equivale ao custo aproximado de 20 postos de traballo ou axudas a máis de 20 ONGs.
- **Lamentamos que o Consello non adoptase a decisión de eliminar as dietas** por asistencia, dando unha mostra de adecuación á realidade, e que esta decisión tivese que vir imposta pola Xunta de Galicia. Lamentamos tamén que esta Asemblea non se realice nun auditorio propio de Novacaixagalicia e se incurra nun gasto innecesario, mentres o resto da organización está controlando os gastos.
- **Porque creemos que é a única garantía de que poidamos afrontar un futuro viable, precisamos uns órganos de goberno dimensionados e operativos que faciliten a gobernanza.** Hai máis membros nesta asemblea de 320 persoas que traballadores, somos 257.

3. Solicitamos da Asemblea Xeral que a proposta de deseño da futura Fundación que elabora Novacaixagalicia, recolla os seguintes principios: que sexa unha Fundación renovada, profesionalizada, con transparencia na xestión e nos órganos de goberno, e con vocación de contribuir ao desenvolvemento socioeconómico e cultural de Galicia.

- **Necesitamos a renovación polo grave dano reputacional que sofre a entidade** a consecuencia das escandalosas indemnizacións millonarias aos directivos de NCG.
- Queremos unha Fundación con exercicio gratuito dos seus órganos de goberno, **cun padroado formado por profesionais independentes e de recoñecido prestixio no sector social, cultural e empresarial que contribúan a orientar a misión da futura Fundación**, que atenda ao principio de priorización de necesidades, especialización, transparencia na xestión e nos órganos de goberno. Con representación no seu Padroado dos traballadores e traballadoras da Obra Social e da Xunta de Galicia.
- Queremos que a fundación resultante de Novacaixagalicia siga sendo un axente importante no desenvolvemento socioeconómico de Galicia, aportando a experiencia acumulada e o seu capital humano a esta misión.

Por todo anterior, **pedimos que os órganos de goberno de Novacaixagalicia presten o seu mellor servizo impulsado os traballos necesarios en contacto cos distintos axentes políticos, institucionais e económicos, para acadar no máis breve prazo posible de tempo una transformación en Fundación de carácter especial galega, que faga posible o mantemento dos postos de traballo e a supervivencia da obra social ao servizo de Galicia**, para o cal, solicitamos desta Asemblea o seu apoio para adoptar os tres acordos anteriormente propostos.

Subscribimos a presente, en Santiago de Compostela, a 15 de xuño de 2012, o conxunto dos representantes de persoal de Novacaixagalicia de CIG, CCOO, UGT, FSIE, ASCA e INDEPENDENTES